

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Xogos

### *[Xogo] A palmatoria*

Poñíase unha rapaza coma "nai" cun mandil para taparlle a cabeza a un neno. Este colocaba a súa cabeza no colo da "nai", coa man por tras, encima dos seus cadrís e coa palma para arriba.

Os demais dábanlle palmadas e tiña que adiviñar quen llas daba. Se atinaba cambiaba a posición e senón seguía ata que atinase con algún.

[Remitido por José María Carricoba Armesto, de Lugo. Xogo recollido na parroquia de Donís, concello de Cervantes (Lugo) a principios da década de 1990]